



XUNTA DE GALICIA

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA O DESENVOLVEMENTO DA ADMINISTRACION ELECTRÓNICA NAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

En Santiago de Compostela, a 27 de decembro de 2011

REUNIDOS

DUNHA PARTE, don Alfonso Rueda Valenzuela, conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en exercicio das súas competencias atribuídas de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e o Decreto 303/2009, do 15 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

DOUTRA PARTE, dona M.^a del Mar Pereira Álvarez, secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Secretaría Xeral de Innovación e Modernización Tecnolóxica (en adiante, SXMIT), en exercicio das súas competencias atribuídas polo Decreto 207/2009, do 23 de abril, en virtude da desconcentración de competencias que lle atribúe a disposición adicional segunda, apartado b) do Decreto 325/2009, do 18 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E DOUTRA PARTE, don José Manuel Rey Varela, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias.

Todas as partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecéndose de modo recíproco capacidade, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir a presente addenda e na súa virtude,

EXPOÑEN:

I.- En data 13 de xullo de 2010 asinouse o convenio referido e na súa cláusula cuarta do capítulo primeiro establecíase un período para a adhesión, sendo o prazo excesivamente curto. En data 13 de outubro de 2010 asinouse unha prórroga ata o día 31 de marzo de 2011 e en data 29 de marzo de 2011 unha nova prórroga ata 31 de decembro de 2011.

II.- Considerando que xa se adheriron a maior parte dos concellos e menor número as outras entidades locais, pero que é obxectivo do referido convenio acadar a maior adhesión posible, cara a facilitar a extensión do convenio, estímase necesario realizar unha nova prórroga por tres meses



XUNTA DE GALICIA

As partes reunidas **ACORDAN:**

I.- Ampliar o prazo establecido na cláusula cuarta do capítulo primeiro ata o día 31 de marzo de 2012.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente, no lugar e data sinalados *ut supra*.

<p>Conse lleiro de Presidencia, Administra cións Pú blicas e Xustiza</p>   <p>Alfonso Rueda Valenzuela</p>	<p>Secretaría xeral de Modernización e Innovación Tecnoló xica</p>   <p>M.ª del Mar Pereira Álvarez</p>	<p>Presidente da Fegamp</p>  <p>José Manuel Rey Varela</p>
--	---	---